

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18616 *ORDE PRE/3520/2004, do 29 de outubro, pola que se actualiza o anexo do Real decreto 956/2002, do 13 de setembro, polo que se aproban as substancias que se poden engadir para fins de nutrición específicos nos preparados alimenticios destinados a unha alimentación especial (dietéticos).* («BOE» 263, do 1-11-2004.)

A Directiva 2001/15/CE, do 15 de febreiro de 2001, incorporouse ao noso ordenamento xurídico interno mediante o Real decreto 956/2002, do 13 de setembro, polo que se aproban as substancias que se poden engadir para fins de nutrición específicos nos preparados alimenticios destinados a unha alimentación especial (dietéticos).

Neste real decreto establécese no seu único anexo a lista de substancias, especificando as categorías e mencionando para cada unha delas as substancias químicas que se poden utilizar na fabricación de alimentos destinados a unha alimentación especial.

Así mesmo, exclúense do ámbito de aplicación do Real decreto 956/2002, do 13 de setembro, os preparados para lactantes e preparados de continuación, ben como os alimentos a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade, dado que estes produtos teñen unha normativa específica que establece as substancias que se poden utilizar na súa fabricación.

No momento da adopción da Directiva 2001/15/CE non se puideron incluír no seu anexo unha serie de substancias químicas engadidas para fins de nutrición específicos en alimentos destinados a unha alimentación especial comercializados nalgúns Estados membros porque non foran avaliadas polo Comité Científico da Alimentación Humana (CCHA).

A Comisión Europea adoptou recentemente a Directiva 2004/5/CE, do 20 de xaneiro de 2004, que modifica a Directiva 2001/15/CE co fin de incluír no anexo as substancias químicas que foron avaliadas desde entón polo Comité Científico da Alimentación Humana ou pola Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e que recibiron unha avaliación científica favorable. Por conseguinte, resulta necesario incorporar a mencionada Directiva 2004/5/CE ao ordenamento xurídico español, o cal se realiza mediante esta orde incorporando estas novas substancias ao anexo.

O Real decreto 956/2002, do 13 de setembro, na súa disposición derradeira segunda, habilita os ministros proponentes, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do establecido no real decreto anteriormente citado, e en particular para actualizar o seu anexo.

Na elaboración desta disposición foron oídos os sectores afectados e emitiu o preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e das ministras, de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, dispoño:

Primeiro. *Actualización do anexo do Real decreto 956/2002, do 13 de setembro, polo que se aproban as substancias que se poden engadir para fins de nutrición específicos nos preparados alimenticios destinados a unha alimentación especial (dietéticos).*

Incorpóranse ao anexo do Real decreto 956/2002, do 13 de setembro, as substancias que se recollen no anexo desta orde.

Segundo. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de outubro de 2004.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Excmo. Sr. Ministro de Industria, Turismo e Comercio e Excmcas. Sras. Ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo.

ANEXO

Substancia	Condicións de uso	
	Todos os dietéticos	Só en alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais
Categoría 2. Minerais, engádense na epígrafe «calcio».		
Sulfato	X	
Categoría 3. Aminoácidos, engádense as seguintes substancias.		
L-serina		X
L-arginina L-aspartato		X
L-lisina-L-aspartato		X
L-lisina-L-glutamato		X
N-acetil-L-cisteína		X
N-acetil-L-metionina		X
		X = en produtos destinados a persoas maiores dun ano.
Categoría 4. Carnitina e taurina, engádense a seguinte substancia.		
L-carnitina L-tartrato	X	